

DECRETO 2023 -

**DECRETO DO SR. ALCALDE
D. CLAUDIO M. GARRIDO MARTÍNEZ**

En virtude das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, veño en **RESOLVER:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes bases reguladoras de inscrición na Ludoteca de Nadal do Programa SarriaConcilia do Concello de Sarria.

BASES LUDOTECA DE NADAL. PROGRAMA SARRIACONCILIA

CONCELLO DE SARRIA

1.- OBXECTO

O Concello de Sarria pon en marcha, no marco do Programa de conciliación SarriaConcilia, a ludoteca de Nadal. Un espazo de lecer e tempo libre infantil dirixido preferentemente aos fillos e fillas das familias traballadoras, escolarizados nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria dos centros educativos do concello.

O obxectivo é favorecer durante as vacacións de Nadal a conciliación da vida familiar e laboral ao tempo que se potencia o desenvolvemento integral das e dos menores participantes a través dunha programación que combina o xogo coas actividades creativas, culturais e o coñecemento do entorno próximo. Unha pedagogía do lecer baseada na educación na igualdade e na procura de actividades que fomenten e potencien, entre as e os menores, a convivencia e o respecto

Unha vez máis, o fomento da igualdade de xénero, xunto coa eliminación das desigualdades, é unha das prioridades do programa. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

As actividades contempladas na ludoteca de Nadal levaranse a cabo por un equipo técnico especializado en animación sociocultural, actividades de lecer e tempo libre e igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O Concello de Sarria adoptará todas as medidas pertinentes para asegurar unha participación en igualdade de condicións no acceso ao programa e ás actividades programadas.

2.- BENEFICIARIAS/OS. REQUISITOS

- A ludoteca de Nadal está destinada a aquelas nenas e nenos escolarizados nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria dos centros educativos do concello, e que cumpran os seguintes **requisitos:**

- a) Empadroadas/os, ou escolarizados/as nos centros educativos do Concello de Sarria, con data anterior a esta convocatoria.



b) Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais, sen vacacións no período no que se desenvolve a actuación.

c) Familias monoparentais en situación de activo laboral, sen vacacións no período no que se desenvolve a actuación.

No caso de que a/o menor precise apoio derivado da súa diversidade funcional, deberá facelo constar na folla de inscrición, especificando o máis posible as necesidades especiais que presente.

No caso de solicitantes con necesidades especiais, realizarase unha valoración en función de ditas necesidades, da capacidade do Concello de Sarria, do funcionamento e da organización da ludoteca, para decidir se é viable ou non a súa participación.

3.- DESCRIPCIÓN DO CAMPAMENTO

3.1.- DATAS E LUGAR

A ludoteca de Nadal levarase a cabo dende o 26 de decembro de 2023 ata o 5 de xaneiro de 2024 (ambos incluídos), e terá como sede o CEIP Frei Luís de Granada.

3.2.- PRAZAS

Ofértanse un total de 75 prazas, marcándose un mínimo de 15 participantes para por en marcha a ludoteca

3.2.- HORARIO

O horario de funcionamento será de 07:30 a 15:30 horas coa posibilidade de flexibilizar a hora de entrada e saída segundo necesidades particulares:

- Servizo madrugadores: 07:30h-09:30h
- Ludoteca de Nadal: 09:30h-14:00h
- As tardes do cole (servizo de friameira, garda e custodia): 14:00h-15:30h

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Sarria en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1 NORMAS PARA CUBRIR OS IMPRESOS

A solicitude de praza ou prazas, as autorizacións e observacións médicas e as obrigas deberán estar asinadas, polos proxenitores/as ou representantes legais do/a menor.

A falta de sinatura en cada un dos impresos será motivo **de non admisión**.

4.2 LUGAR E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DA DOCUMENTACIÓN

O modelo de solicitude (anexo II) e as autorizacións (anexo III e IV) estarán dispoñibles no Rexistro Xeral do Concello de Sarria e na páxina web, tanto do concello como dos diferentes centros educativos.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sarria de luns a venres de 9:00h a 14:00h; a través da sede electrónica dende as 00:00h do día en que se abre o prazo ata as 23:59h do día en que acaba, ou mediante calquera outro dos procedementos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas



4.3 PRAZOS

Prazo de presentación de solicitudes: do **5 ao 12 de decembro**

4.4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

-Solicitud de praza ou prazas asinada pola nai/pai ou titor/a legal. **No caso de solicitar praza para varios irmáns ou irmás, presentarase unha única solicitude cos datos dos/as menores.**

A documentación complementaria a presentar coa solicitude é a seguinte:

- Fotocopia do DNI da nai/pai ou titor/a legal.
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- No caso das VVX, a acreditación da situación de violencia de xénero realizarase mediante algúns dos documentos recollidos no artigo 23 da L.O. 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero
- Fotocopia do libro de familia ou DNI do/a menor.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor ou seguro médico privado.
- Xustificación da ocupación actualizada dos proxenitores ou titores:
 - No caso de traballadores/as por conta allea: fotocopia da cabeceira da última nómina, certificación de empresa, vida laboral ou calquera outro tipo de documentación que acredite dita situación.
 - No caso de traballadores/as autónomos/as: último recibo do pagamento da cota á seguridade social no réxime especial de traballadores por conta propia.
 - No caso de estar realizando un curso de formación, o xustificante oficial do curso.
- Certificado de empresa coa data das vacacións no ano 2023 de ambos proxenitores ou titores legais. No caso de persoal autónomo, declaración xurada.
- De ser o caso, certificado de familia monoparental.
- Autorizacións asinada pola nai/pai ou titor/a legal (anexo II e anexo III, de ser o caso)

No caso de ter participado nos programas de conciliación organizados polo Concello de Sarria en edicións anteriores e, de non producírense modificacións nas situacións que deron acceso aos mesmos, achegarase unha declaración xurada de que os datos non sufriron modificacións xunto ao xustificante dos períodos vacacionais dos proxenitores ou titores legais.

5.- PREZO

O prezo será de **8,86€** por menor e por cada un dos servizos solicitados: servizo madrugadores, ludoteca Nadal, as tardes do cole (servizo de friameira, garda e custodia), segundo establece a ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestacións de servizos na Escola Municipal de Música e Talleres culturais e outros ensinós.

SERVIZO	PREZO
Ludoteca de Nadal	8,86€
Servizo madrugadores + Ludoteca de Nadal	17,72€
Ludoteca de Nadal + As tardes do cole	17,72€
Servizo madrugadores + Ludoteca de Nadal + As tardes do cole	26,58€



6.-PROCEDEMENTO PARA ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS.

-As prazas serán adxudicadas por rigoroso orde de entrada no rexistro do Concello de Sarria, sempre e cando se presente correctamente dentro dos prazos establecidos e se cumpran todos os requisitos de acceso ao servizo.

-Respectando as preferencias recollidas no punto 2, en primeiro lugar seleccionárase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares na que ambos proxenitores teñan vixente, en horario de mañá, unha relación laboral ou estean realizando un curso do plan de formación impartido dentro do Plan de accións formativas para persoas desempregadas das distintas administracións públicas.

-No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor.

-Terán preferencias as situacións de Violencia de Xénero.

-De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaránse directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos.

7.- PRAZOS

- Solicitud de praza/s: **do 5 ao 12 de decembro, ambos incluídos.**

- Publicación provisional da listaxe de solicitudes admitidas: **14 de decembro**

- Emenda de faltas ou presentación do documentación preceptiva: **do 15 ao 19 de decembro**

- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: **20 de decembro**

- Prazo do pagamento: **desde a publicación da listaxe definitiva ata o día anterior ao comezo da ludoteca).**

A falta de pagamento implicará a perda da praza no servizo e a súa ocupación por un integrante da listaxe de agarda.

8.- TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

A instrución do procedemento obxecto desta convocatoria, corresponde ao alcalde. Unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitirase o oportuno informe, que dará lugar á resolución provisional de solicitudes admitidas na que se detallarán, ademais as solicitudes obxecto de exclusión e as solicitudes nas que se deba emendar algunha falta ou defecto na presentación de documentación.

Concluído o prazo de 3 días hábiles desde a publicación da resolución provisional de solicitudes admitidas e unha vez revisada a documentación achegada, resolverase a presente convocatoria. A competencia para a resolución do procedemento desta convocatoria, é do Alcalde-Presidente.

A resolución definitiva de solicitudes admitidas, notificarase aos interesados mediante a súa exposición na páxina web do Concello de Sarria www.sarria.gal e nas secretarías dos diferentes centros educativos, así coma a través das ANPAS.

9.- PAGAMENTO

O pagamento realizarase mediante transferencia ou ingreso na seguinte conta bancaria, de titularidade municipal:



ABANCA: ES11 2080 0143 3131 1000 0063

Na transferencia ou ingreso debese indicar claramente: **Ludoteca Nadal 2023, nome e apelidos da/s ou do/s participante/s e o servizo/s solicitado**

Unha vez realizado o pagamento, o xustificante bancario deberá entregarse a través do Rexistro Xeral do Concello de Sarria, a través da sede electrónica, ou mediante calquera outro dos procedementos previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A falta de entrega do xustificante bancario, implicará a perda da praza no campamento e a súa ocupación por un integrante da listaxe de agarda.

10.- LISTAXE DE AGARDA, RENUNCIA Á PRAZA E DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

As persoas que obtiveran praza no programa e finalmente non vaian participar no mesmo, deberán presentar a renuncia por escrito, a través do rexistro do Concello de Sarria

As vacantes que se produzan por renuncia, por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por calquera outro motivo, ofreceránselles aos solicitantes que figuren na listaxe de agarda tendo en conta a orde establecida. As renunciacións non se incluírán nesta listaxe.

Contactarase cos e cas suplentes por teléfono.

Unha vez adjudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico.

11.- PUBLICIDADE E PRAZO

A publicación das presentes bases, xunto coa correspondente convocatoria, realizarase na páxina web municipal e nas páxinas webs dos diferentes centros educativos.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución poderá interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, tal como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel se resolva expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que puidese estimarse mais adecuado ao dereito das/os interesadas/os.

Sarria, na data da sinatura electrónica na marxe

O alcalde.



ANEXO I

PROGRAMA: LUDOTECA DE NADAL. SARRIA CONCILIA 2023-2024

DATAS DE CELEBRACIÓN: do 26 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024.

HORARIO:

CEIP FREI LUIS DE GRANADA

SERVIZO MADRUGADORES	07:30h a 09:30h
LUDOTECA DE NADAL	09:30h a 14:00h
AS TARDES DO COLE (friameira, garda e custodia)	14:00h a 15:30h

LUGAR DE CELEBRACIÓN: CEIP Frei Luis de Granada do Concello de Sarria

NUMERO DE PRAZAS: limitadas

DESTINATARIOS/AS: nenas e nenos escolarizados nas etapas de Educación Infantil e Primaria nos centros educativos do Concello de Sarria.

PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES: do 5 ao 12 de decembro.

- Publicación provisional da listaxe de solicitudes admitidas: 14 de decembro.
- Emenda de faltas ou presentación do documentación preceptiva: do 15 ao 19 de decembro
- Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as: 20 de decembro
- Prazo do pagamento: desde a publicación da listaxe definitiva ata o día anterior ao comezo da actividade.

CUSTO DO/S SERVIZO/S:

	CUSTO
Servizo madrugadores	8,86€
Ludoteca de Nadal	8,86€
Servizo madrugadores + Ludoteca de Nadal	17,72€



ANEXO II**PROGRAMA SARRIA CONCILIA LUDOTECA DE NADAL****CONCELLO DE SARRIA****FICHA DE INSCRIPCIÓN****DATOS DO/S, DA/S MENOR /ES**

DNI: _____

Nome e apelidos: _____

Data de nacemento: _____

DATOS DO PROXENITOR/TITOR 1

DNI: _____

Nome e apelidos: _____

Teléfonos de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

DATOS DO PROXENITOR/TITOR 2

DNI: _____

Nome e apelidos: _____

Teléfonos de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

SERVIZOS QUE SOLICITA: SERVIZO MADRUGADORES: 07:30H-09:30H LUDOTECA DE NADAL: 09:30H-14:00H AS TARDES DE COLE: 14:00H-15:30H**OUTROS DATOS**

Ten necesidades educativas especiais:

En caso afirmativo indica a atención específica que require o/a menor:

Ten algunha intolerancia alimentaria:

En caso afirmativo indicar cales:



DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- DNI dos proxenitores ou titores legais
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais (un dos seguintes): Vida Laboral, recibo de autónomos ou cabeceira de nómina recentes, xustificante oficial do curso,...
-
- Certificado de empresa indicando o horario nos meses de xullo e agosto de ambos proxenitores ou titores legais. No caso de persoal autónomo, declaración xurada
- Certificado de empresa indicando as datas das vacación no ano 2023 de ambos proxenitores ou titores legais. No caso de persoal autónomo, declaración xurada
- Documentación xustificativa doutras situacións familiares.

Como representante legal do/a menor arriba indicado/a, SOLICITO a súa inscrición no Programa Sarria Concilia, Ludoteca do Nadal, Concello de Sarria

Sarria, de decembro de 2023.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal



ANEXO III

AUTORIZACIÓNS

Don/Dona _____,
con DNI _____, como nai, pai ou titor legal da/o
menor _____

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES

Como (pai, nai, titor/a) da nena/o solicitante, autorizo a asistencia a dita actividade, incluíndo as saídas que se programen e declaro que non padece ningunha enfermidade que lle impida participar na mesma.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DATOS

AUTORIZO

NON AUTORIZO

O Concello de Sarria, poderá realizar a consulta dos seus datos persoais necesarios para a tramitación desta solicitude, sempre garantindo un uso responsable dos mesmos e a súa confidencialidade.

No caso de non autorizar será necesario achegar un certificado de empadramento actualizado con menos dun mes de antigüidade, así como calquera outra documentación que poida ser necesaria para a inscrición.

AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES POLO CONCELLO DE SARRIA

Dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei 7/2017, de 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, este Concello pide o consentimento aos proxenitores ou titores legais para poder utilizar as imaxes nas cales aparezan individualmente ou en grupo, que con carácter pedagóxico, cultural e deportivo, se poidan realizar ás/aos nenas/os, nas diferentes secuencias e actividades realizadas polo concello.

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Sarria, de decembro de 2023.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal)



ANEXO IV
PROGRAMA SARRIA CONCILIA LUDOTECA DE NADAL
CONCELLO DE SARRIA

AUTORIZACIÓN PARA RECOLLIDA

Dona/Don _____,

con DNI _____, como proxenitor ou titor/a

legal de: _____

Autorizo para recoller a miña filla/o da Ludoteca de Nadal, a:

1. Dona/Don _____,

con DNI _____

2. Dona/Don _____,

con DNI _____

3. Dona/Don _____,

con DNI _____

4. Dona/Don _____,

con DNI _____

5. Dona/Don _____,

con DNI _____

Sarria, de decembro de 2023.

(Sinatura do pai/nai/titor/a ou representante legal)

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o Concello de Sarria garante a adopción das medidas necesarias para asegurar o tratamento confidencial dos datos de carácter persoal.. Así mesmo informámolo de que o Concello de Sarria comprométese a non utilizar estes datos para fins que non sexan os estritamente necesarios para a realización do seu labor e da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.



SEGUNDO.- Ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios dixital do concello a efectos de que comece o cómputo do prazo para a presentación de solicitudes polos interesados.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria ao amparo do art. 42 do ROF, para os efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno, previstos no art. 22.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Así o manda e o asina o Sr. Alcalde, na data da sinatura á marxe, do que dou fe.

